



Concello de Moaña

Resolución da Alcaldía

O 7 de maio a Xunta de Galicia comunicaba a través da Fegamp a eliminación da restrición horaria para as saídas en núcleos separados de menos de 5.000 habitantes e que se aplicará en concordancia á interpretación da norma remitida dende a Delegación do Goberno:

“En relación coa problemática suscitada na interpretación do art. 5.2 da Orde SND380/2020, do 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, trasladada polo Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, na que se expón unha dificultade específica no que se refire ás entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que administren núcleos de poboación separados cunha poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes, participolle que se considera que procede realizar unha interpretación do art.5.2 da Orde SND380/2020, do 30 de abril, en sentido amplo e favorable á vontade do lexislador ante esta realidade material e xurídica na que nos atopamos.

Neste sentido, cando na citada Orde se alude ás Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio, cabe interpretar, do sentido material e do espírito da norma, que non se está remitindo en sentido estrito ao concepto xurídico- administrativo recollido na lexislación de réxime local senón ao concepto de entidade colectiva de poboación, como agrupación de entidades singulares, definido polo Instituto Nacional de Estatística, como unidade ou entidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o municipio. Exemplos destas entidades colectivas de poboación que teñen unha marcada orixe histórica son as parroquias, irmandades, concellos e outras que existen en diferentes Comunidades Autónomas e, entre elas, na Comunidade Autónoma de Galicia.”

Ante a solicitude de aclaración na aplicación destas medidas realizada pola Fegamp a Xunta de Galicia o 8 de maio *“traslada os listados posteriormente indicados, se ben delega nos alcaldes e alcaldesas a decisión de “manter as restricións nalgunhas parroquias de menos de 5.000 habitantes que non garden unha mínima separación cos cascos urbanos, ao ter sido absorbidos na práctica pola expansión urbanística. Do mesmo xeito, podería decidir a exención das suxeicións ás franxas horarias naqueles núcleos que, aínda pertencendo a parroquias de máis de 5.000*

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 5YED9X3W4N3SATV6ZVWVEMMS3NQ | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Moaña

habitantes, estiveran o suficientemente separados do resto da poboación”.

- Listado concellos de menos de 5.000 habitantes:

<https://www.eidolocal.gal/biblioteca/ficha?Element=65012>

- Listado parroquias rurais de menos de 5.000 habitantes

<https://www.eidolocal.gal/biblioteca/ficha?Element=65013>”

Tras analizar os datos publicados pola Xunta o 8 de maio, o goberno municipal pon en coñecemento da Delegada da Xunta en Vigo que existen erros de poboación no mesmo, en concreto o erro afectaba á parroquia eclesiástica de Moaña-O Carne; polo que facilitamos os datos do noso padrón e solicitamos unha explicación de como se tiñan obtido os datos; da que aínda non obtivemos resposta.

Ante esta situación decidimos agardar á publicación no BOE das medidas a aplicar na Fase 1 da desescalada. Así onte, 9 de maio de 2020, o goberno local reúne co xefe da policía local para analizar os datos anteriores, contrastalos co noso padrón de habitantes e estudar as medidas publicadas no BOE. Desa reunión adóptase a seguinte conclusión:

Para dar resposta ás 6.232 persoas que habitan na parroquia Moaña-O Carne que quedaban excluídas da listaxe que publicou a Xunta de Galicia; e ante a posibilidade que esta nos outorga aos Concellos de “decidir a exención das suxeicións ás franxas horarias naqueles núcleos que, aínda pertencendo a parroquias de máis de 5.000 habitantes, estiveran o suficientemente separados do resto da poboación”.

Usando a potestade que nos habilita a Xunta de Galicia, todas as parroquias do noso Concello estarían por debaixo dos 5.000 habitantes, agás a parroquia de Moaña-O Carne. Nesta se desagregamos a zona rural e a zona urbana teríamos unicamente 4.607 habitantes na zona urbana (1.103 A Praia; 2.217 O Redondo e 1.287 A Seara) e na rural 1.625; polo tanto todos os núcleos terían menos de 5.000 habitantes.

En aras de evitar a discriminación da veciñanza segundo a parroquia na que resida, cando as nosas parroquias son tan homoxéneas (todas teñen zonas claramente rurais e zonas puramente urbanas) e para evitar o paradoxo de que ao permitirse xa na fase 1 a apertura do comercio, os servizos e a hostalería, unha persoa adulta non podería saír a pasear ás 18h pero si que pode ir de compras ou de terrazas. Decidimos levantar as restricións horarias a partir da entrada en vigor da fase 1.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 5YED9X3W4N3SATV6ZVWVEM3SNQ | Corrección: https://concellomoaña.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Moaña

Cabe recordar que todas as medidas preventivas aplicadas ás saídas para cada grupo de idade referentes aos paseos e ás saídas para a práctica deportiva, continuarán vixentes. É dicir, as crianzas menores de 14 anos poderán saír a pasear un máximo de 3, acompañadas dunha persoa adulta, durante 1 hora/día e como máximo a 1km da súa vivenda. As persoas maiores tamén teñen que respectar as normas aplicadas aos paseos máximo 1 hora e como máximo a 1km da súa vivenda. E nas saídas para a práctica deportiva individual 1 vez ao día e como límite espacial o termo municipal.

Por todo isto, dada a situación de estado de alarma no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1, especialmente no seu apartado M, da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Aplicar a exención das suxeicións ás franxas horarias en todo o termo municipal amparada na posibilidade outorgada pola Xunta de Galicia de facelo naqueles núcleos que, aínda pertencendo a parroquias de máis de 5.000 habitantes, estiveran o suficientemente separados do resto da poboación. Esta medida será de aplicación a partir da entrada en vigor da Fase 1 da desescalada.

Segundo. Comunicar á veciñanza a presente medida a través da publicación dun bando, lembrando a obriga de cumprir con todas as medidas preventivas e normativas que seguen en vigor.

A alcaldesa.

Leticia Santos Paz

Vto. P. A secretaria.

Paula Piñeiro Camiña.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 5YED9X3W4N3SATV6ZVIMEM3NQ | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3